



Lámpada é a túa palabra...

Recomendamos:

Un libro

Os ríos pasan cheos de Deus

Poesía Relixiosa en galego

(VICTORINO PÉREZ PRIETO)



Os ríos pasan cheos de Deus.
Victorino Pérez Prieto. Colección
Nume. Edit. Toxos outos. 276 páxs.

Estamos ante unha selección de poesía relixiosa en galego feita polo escritor Victorino Pérez Prieto.

Oportuno e práctico este servizo que nos fai o autor poñendo á nosa disposición douscentos poemas que nos permiten, en primeiro lugar, unha fruición estética e literaria compartible por crentes e non crentes. En segundo lugar, con esta lectura os crentes podemos recrear e remoer interiormente á experiencia de Deus expresada en luminosas palabras, que nos achegan á fe dos autores. Xa en terceiro lugar, pero non menos importante, este libro fornécenos de suxerentes textos para a nosa oración persoal e tamén para a oración comunitaria.

O prologuista, Xesús Portas Ferro, tamén poeta, esclarecéenos as motivacións fondas deste libro e sérvenos pertinentes reflexións sobre o que se define como poesía relixiosa.

O til A AVALIACIÓN

Andamos de avaliación, non soamente os máis novos nos colexios, institutos e facultades universitarias, tamén noutros moitos ámbitos. E está moi ben que a fagamos. Nestes días inmediatamente pasados o arcebispo convocou en Santiago o Consello Diocesano de Pastoral para que os seus membros, laicos maiormente, fixesen avaliación do cumprimento do Plano Pastoral que o propio Consello presentara en outubro pasado para o trienio 2006-09. Unha asemblea de arcepresbiteros e un plenario do Consello de Presbiterio, estamentos colexiados do clero diocesano, debateron e avaliaron tamén o cumprimento do mesmo programa.

En moitas parroquias vaíse convertendo en feliz costume o exercicio final de revisión de curso, ben por sectores, catequese, liturxia, acción caritativa —todas nas súas diferentes expresións parroquiais— ben conxuntamente no Consello Parroquial de pastoral, onde as diferentes actividades e mailos equipos de acción parroquial están representados.

Os axentes pastorais das comunidades parroquiais, cregos e laicos, debemos exercer a nosa misión na Igrexa e no mundo —o ministerio sacerdotal e laical— coa lucidez que reclama o evanxeo. Por iso hai que revisala. Con iso non medimos a eficacia dos nosos esforzos nin o éxito dos nosos propósitos. Nas persoas danse resultados e logros que foxen da nosa ollada e mesmo da nosa expectativa. Son logros da graza. Pero si podemos avaliar a nosa fidelidade ao evanxeo e mais ao Señor no que depende dos nosos medios. Nunca sobran algunhas cuestións fundamentais: *¿Na nosa comunidade parroquial estamos facendo o que Deus quere que fagamos? ¿Non estaremos sendo fieis ás inercias pero infieis ao Señor e aos destinatarios do anuncio evanxélico? ¿Que razóns de peso determinan a demora ou aprazamento sine die de tarefas e cambios tan necesarios como ineludibles?*

En concreto, nas aludidas sesións do Consello de Pastoral, da Asemblea de Arcepresbiteros, e mais do Consello de Presbiterio, foi o sentido cristián do domingo o centro das preocupacións, e obxectivo preferente para o curso 2007-08.

Cómprenos, logo, nas parroquias elaborar un programa de curso que incida sobre o domingo e maila eucaristía á que somos convocados. Máis en concreto, na zona pastoral da Coruña e do entorno deberíamos, como resultado da avaliación, acordar un par de obxectivos comúns, algunhas accións asequibles para camiñar cara a eles e incluso algún sistema de seguimento para que non esquezamos nin os obxectivos nin os medios axeitados para logralos. Contando co Señor, sempre.

A.G.V.